

## INFANTIL



### MAGO ROSA

Txabi Arnal- **Autor**  
Rashin Kheiriyeh- **Ilustradora**  
OOO- **Editorial**

Por fin, os seus esforzos tiñan recompensa: Mago Rosa conseguira facer unha bolsa de coiro que tragaba todo. Abondaba con dicir: OEMOC! (unha palabra que, dada a volta, deixa de ser máxica).



### O CASCABEL DA GATA

Pablo Albo- **Autor**  
Raúl Nieto Guridi - **Ilustrador**  
OQO- **Editorial**

Unha mañá, a gata Benita espertou sobresaltada ao oír que a señora Xulia chamaba por ela: —Benita...! Beeniiitaa...! Beeniiitaaa...! Onde estás, que non escoito o teu cascabel?

## OS MÁIS EMPRESTADOS



### O COELLIÑO BRANCO

Xosé Ballesteros- **Autor**  
Óscar Villán- **Ilustrador**  
Kalandraka- **Editorial**

Érase unha vez un coelliño branco. Un día foi buscar coles á horta para facer un caldiño. Cando o coelliño volveu á casa, atopou a porta pechada e petou. —Quén é? —preguntou un vozarrón desde dentro...



### LOBOFEROZ

Patacrúa- **Autor**  
Chené- **Ilustrador**  
OQO- **Editorial**

Era unha vez un lobo tan preguiceiro que, por non se esforzar, non comía máis que papas de arroz. Un día mirouse no espello e, ao verse tan fraco, decidiu converterse nun lobo feroz...

## PRIMEIRAS LECTORAS PRIMEIROS LECTORES



### O PETO MÁXICO

Roberto Piumini- **Autor**  
Vicens Vives- **Editorial**

Coñeceremos a historia dun pirata bondadoso e a dun príncipe malcriado, a de dous pés que non paran de amolar o seu dono e a do inxenuo inventor que debece por voar...




### VICHES O LEÓN?

Armando Quintero- **Autor**  
Geraldine Alibeu- **Ilustradora**  
OOO- **Editorial**

Este álbum completa páxina a páxina unha especie de crebacabezas de criaturas da selva, cuxas respostas se convierten en pequenas pistas.

## OS MÁIS EMPRESTADOS



### MARES, RÍOS E LAGOS

F. Chiapponi, M. Raffo e P. David- **Autores**  
O. Verbrugghe- **Ilustrador**  
Baía- **Editorial**

Unha obra interactiva e divertida para comprender a vida dos animais. Con xogos pedagóxicos para nenas e nenos.



### A MONTAÑA E O BOSQUE

F. Chiapponi, M. Raffo e P. David- **Autores**  
O. Verbrugghe- **Ilustrador**  
Baía- **Editorial**

Como caza o lobo?  
Cantos niños constrúe unha aguia?  
Todas as respostas a estas preguntas, e tamén a outras, están neste animalario, fermosamente ilustrado con debuxos orixinais e fotografías excepcionais.

## LECTORAS AUTÓNOMAS LECTORES AUTÓNOMOS



### A PRINCESA QUE CONDUÍA UNHA LOCOMOTORA

Clara do Roxo- **Autora**  
Manuel Uhía- **Ilustrador**  
Galaxia- **Editorial**

A que non sabías que hai princesas que o que máis lles gusta, máis que converterse en raíñas é conducir trenes?



### A CARREIRA MÁIS DESATINADA DO MUNDO

Gerónimo Stilton- **Autor**  
Destino- **Editorial**

Pinky preparoume outra das súas! Inscribume a traizón na Carreira Máis Desatinada do Mundo sobre patíns con foguetes... foi unha fin de semana de pesadelo.

## OS MÁIS EMPRESTADOS



### SIMIOS E MONOS

Baía- **Editorial**

Libro que, de forma amena e rigorosa, introduce ás nenas e nenos no coñecemento das características dos simios e monos, proponendo, diversas actividades prácticas.



### TERRAS POLARES

Baía- **Editorial**

Libro que, de forma amena e rigorosa, introduce ás nenas e nenos no coñecemento da Ciencia e, neste caso, nas terras polares.



## LECTORAS EXPERTAS LECTORES EXPERTOS



### A LENDA DO CAPITÁN MIÑO

Dolores Ruiz- **Autora**  
Irene Fra- **Ilustradora**  
SM- **Editorial**

O capitán Miño vai á busca da terrible pirata Setemortes para vingarse dunha antiga derrota. A viaxe no seu pequeno e fiel navío Esperanza, unha perigosa aventura chea de sorpresas, sèrvelle tamén para facer novos e insospeitados amigos.



### O SEGREDO DA LANTERNA VERDE

Fortes e varios- **Autores**  
Xunta- **Editorial**

Que segredos nos contara, que novas aventuras nos esperan. Novas historias que despertan a curiosidade.

## OS MÁIS EMPRESTADOS



### BOCADILLOS E SANDWICHES

Xenxo Pereiro- **Autor**  
Ouvirnos- **Editorial**

A sinxeleza das receitas descritas paso a paso polos mestres cociñeiros e a calidade das fotografías animarán aos cativos e cativas a participar na preparación de todo tipo de pratos en familia.



### A MIÑA PRIMEIRA ENCICLOPEDIA DOS ANIMAIS

Baía- **Editorial**

Esta enciclopedia, magnificamente ilustrada, ofrece un primeiro achegamento ao fascinante mundo animal. Uns 400 espléndidos debuxos de animais a toda cor, tan auténticos como na vida real, acompañan un texto apaixonante, claro e moi accesible.


## PARA TODOS E TODAS



### O AÑO PITAÑO

Anxo Rei- **Autor**  
Pai Música- **Editorial**


Libro disco que une os textos de poetas galegos contemporáneos coas composicións e a interpretación de músicos de recoñecido prestixio e gravado nos estudos de Casa de Tolos, sito en Gondomar.



### OS MÚSICOS DO VAL MIÑO

Paula Carreras- **Autora**  
Nigra Trea- **Editorial**

Unha obra de teatro musical firmada por la profesora del IES Proval Paula Carreras Silva e interpretada por 43 alumnos del citado instituto y del Centro de Educación Especial Juan María. Con vocación de integración social, dado que ha logrado una interrelación entre alumnos de ambos centros.



### OLLADAS DE NIGRÁN

J. González, Maure Rivas,  
Centro Juan María- **Autores**  
Concello de Nigrán- **Edita**

Preciosos cadros coloristas e alegres dos lugares máis representativos de Nigrán, cunha magnífica condensación da súa historia.



### TASTARABÁS

Antón Cortizas- **Autor**  
David Sierra- **Ilustrador**  
Xerais- **Editorial**

Enciclopedia sobre os xogos tradicionais con un título tan suxerente e musical como é "Tastarabás".

# GUÍA DE LECTURA NO VERÁN UN LIBRO

Es o meu amigo  
Non es un neno  
Non tes mans  
Non tes pés  
Ules moi ben  
Cóntasme moitas  
historias.  
E aprendo moito de ti.  
Es o Libro!  
NOA PAZOS  
ANIORTE



CEIP CARLOS CASARES  
Equipo de Biblioteca

Curso 2012-2013

